

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIVEIRO PARA O MANTEMENTO DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS DA RÚA PORTO DE CELEIRO-VIVEIRO NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO COMPETENCIA DE PORTOS DE GALICIA.

O Director de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 15 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia declara e formula a seguinte memoria en intención de formalizar co Concello de Viveiro, o convenio arriba referenciado, por un período vixencia polo período de tempo de quince anos e que poderá ser obxecto de prórroga, salvo denuncia deste por parte de algunha das administracións afectadas, antes da súa finalización. O instrumento convencionado ten o obxecto e razóns que se expoñen de continuación.

1. Antecedentes e razóns de oportunidade

O Concello de VIVEIRO, en base a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, para dar cumprimento ás súas funcións está interesado en prestar de modo eficiente os servizos básicos da súa competencia que historicamente se teñen implantado en chan portuario pola súa configuración orográfica e na remodelación da fachada marítima de Celeiro-Viveiro (LUGO). Por outra banda o Concello de VIVEIRO para dar cumprimento á normativa de accesibilidade, Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e ao Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento e execución da citada Lei 8/1997 de accesibilidade, desenrolou numerosas actuacións encamiñadas a adaptar todos os seus espazos públicos a dita normativa.

A entidade pública empresarial Portos de Galicia, conforme aos artigos 1, 8 e 9 da lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia, ten entre os seus obxectivos básicos, o proxecto construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións e a integración dos portos no entorno municipal e social dinamizando a actividade portuaria e cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

Pola configuración xeográfica dos nosos portos chegan a mesturarse os usos portuarios e os servizos prestados aos nosos usuarios profesionais cos servizos que se prestan á cidadanía en xeral e moitas das redes de servizos e as instalacións a eles dedicadas dan resposta a ambas necesidades. Son exemplos claros as redes de saneamento (tanto de pluviais como de fecais) ou abastecemento, así como os viarios de usos compartidos e urbanizados cuns estándares adecuados aos usos cidadáns.

Para o cubro dos obxectivos marcados o Concello de Viveiro procedeu ao encargo da redacción do proxecto de execución de xaneiro de 2023 titulado: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS DA RÚA DO PORTO DE CELEIRO-VIVEIRO (LUGO) a cargo do arquitecto municipal D. Santiago Meitín Miguez.

Este proxecto conleva actuacións destinadas á renovación integral das instalacións de redes de servizos municipais de acordo coas directrices deste último (abastecemento, saneamento,





electricidade, telefonía,..) ademais da mellora da interface porto – vila en solo portuario e unha porción de solo titularidade municipal.

En base a estos condicionantes se plantean as seguintes actuacións:

- Dotar unha nova rede separativa de pluviais, saneamento, abastecemento.
- Dotación de canalización de instalación de telecomunicacións e de instalación eléctrica, para nun futuro acometer as obras de baixado de cabreado e así mellorar a imaxe visual do entorno.
- Soterramento de instalación de alumado público e dotación de novas luminarias tanto en báculo como en fachadas.
- Demolición do pavimento actual de formigón e baldosa hidráulica para colocar no seu lugar lousas de granito gris abuxardado. Nos lugares sinalizados nos planos, colocárase pavimento táctil para a adaptación á normativa de accesibilidade.
- Dotarase de mobiliario urbano e xardinería.

Esta actuación suporán efecto positivo tanto para a vila coma tamén para o porto xa que ofrecerá un servizo engadido aos usuarios e ó medio ambiente ao ser unha actuación de carácter sostible e resultará beneficiosa para a explotación portuaria das instalacións

Á vista do anterior, polas razóns expostas, e tendo en conta a configuración xeográfica do porto de Celeiro, no que se mesturan os usos portuarios e servizos prestados ós profesionais do mar cos servizos prestados á cidadanía en xeral, considérase que a figura mais axeitada para regular estes usos é a do establecemento dun **convenio de colaboración** asinado entre a EPE Portos de Galicia e o Concello de Viveiro, para a conservación e mantemento dos espazos de urbanización, espaxamento e integración porto-cidade; destinados esencialmente ao disfrute da cidadanía, así como dos servizos urbanos prestados nos devanditos espazos

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto do presente convenio é o establecemento das bases de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de VIVEIRO para o mantemento e conservación das obras de reforma e adaptación de beirarrúas incluídas no proxecto de "Pavimentación e servizos da rúa do porto de Celeiro-Viveiro (Lugo)", de data xaneiro de 2023 e asinado polo arquitecto municipal D. Santiago Meitín Míguez.

1. A construción das infraestruturas reflectidas no proxecto construtivo antedito por un importe total antes de IVE de 562.565,93 € (680.704,78 € IVE engadido) mais o importe previsto de posible liquidación.
2. A conservación e mantemento das mesmas de xeito concreto a explotación das redes municipais que se proxectan; saneamento, pluviais, abastecemento, telecomunicacións e electricidade que se ubican en dominio público portuario.

O prazo de execución das obras incluídas neste proxecto estímase en CINCO (5) MESES.

Coa sinatura do presente convenio, O Concello obrígase á:

Coa sinatura do presente convenio, o concello de VIVEIRO obrígase a:





- Financiación das obras definidas tecnicamente no proxecto construtivo antedito por un importe total antes de IVE de 562.565,93 € (680.704,78 € IVE engadido) mais o importe previsto de posible liquidación, con cargo á anualidade de 2023.
- A licitación, contratación, dirección e execución das obras incluídas no proxecto de "Pavimentación e servizos da rúa do porto de Celeiro-Viveiro (Lugo)", de data xaneiro de 2023 e asinado polo arquitecto municipal D. Santiago Meitín Míguez.
- A garantía da conformidade técnica das actuacións executadas e o seguimento en materia de calidade que garante o mantemento no tempo dos fins da mesma.
- A propiedade de cantas obras e elementos de todo tipo se incorporen ás instalacións obxecto deste convenio na parte en que son executadas en dominio público portuario, corresponderá a Portos de Galicia, gratuitamente e libre de cargas e gravames, quedando estas, de pleno dereito e por efecto directo deste convenio, incorporadas ao tal dominio público portuario de Celeiro-Viveiro, adscrito para a súa xestión a Portos de Galicia.
- Adoptar as medidas e procedementos construtivos axeitados co fin de garantir en todo momento a normal explotación portuaria, no relativo á incidencia dos traballos no porto, en especial no referente á entrada e saída de vehículos do tráfico portuario.
- Tomar as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria coma nas proximidades, quedando expresamente prohibido o vertido de residuos ao mar, debendo cumprir en cada momento coa normativa vixente nestas materias. Manter en bo estado o dominio público portuario, así como de mantelo en perfectas condicións de limpeza, hixiene e seguridade.
- Calquera modificación do proxecto, así como a execución de obras non contempladas no mesmo, que afecte a bens e terreos portuarios, requirirá a previa autorización de Portos de Galicia.
- Antes do comezo das obras deberá ter lugar a implantación delas, para o que o Concello de Viveiro citará á entidade pública empresarial Portos de Galicia, para delimitar e definir axeitadamente sobre o terreo as actuacións en zona portuaria. Neste acto concretarase sobre o terreo o trazado preciso dos elementos de saneamento, abastecemento e electricidade, que poderá ser reaxustado co fin de facelo compatible coa normal explotación portuaria, debendo ter o visto bo da persoa titular da Xefatura da Zona Norte de Portos de Galicia.
- En caso de modificación do establecido na acta de implantación, e previamente a calquera execución, citarase a comisión de seguimento establecida na cláusula cuarta quen resolverá as posibles discrepancias que puideran xurdir.
- **MANTEMENTO DAS BEIRARRÚAS E DO ENTORNO DAS MESMAS:** No que respecta ós elementos, non estritamente portuarios e que, polo tanto, correspondería manter e conservar ó Concello de VIVEIRO, estámonos a referir a:





- Elementos de urbanización e mobiliario urbano sito no ámbito de actuación do convenio: bancos, luminarias, papeleiras, bolardos, esculturas, etc
- Pavimentos e explanadas, e os seus complementos: arquetas, reixiñas, etc
- Xardinería, plantas, e outros elementos vexetais
- Redes de servizos municipais: abastecemento, saneamento, pluviais e eléctricas: incluíndo tanto a conservación e mantemento das citadas liñas coma os consumos eléctricos ou de auga que, de se-lo caso, se produzan a demanda municipal.

→ No relativo as redes de servizos de **ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO**:

- Unha vez rematadas as obras, o concello incorporará como Anexo III deste convenio que se integrará como parte obrigacional deste, a información detallada das canalizacións así como os elementos e instalacións ou puntos singulares que conforman cada rede de servizo municipal en chan portuario. En particular aporta:
 - Un listado a modo de inventario con indicación dos parámetros principais: (1) localizacións en coordenadas UTM incorporables a GIS do comezo e finalización dos tramos, conexións e elementos singulares (rexistros, puntos de vertido, cadros, etc.), (2) lonxitudes, (3) seccións, (4) materiais, e (5) outros parámetros que caractericen a rede como a súa capacidade (5a) e as acometidas existentes (5b).
 - Representación gráfica en plano .dwg editable dos elementos inventariados.
 - ORDENANZAS DE SERVICIOS E NORMAS RELACIONADAS: reguladoras relacionadas cas prestacións dos servizos detallados neste convenio. Adicionalmente indicarse se o/s servizo/s se presta/n por xestión directa ou por terceiros en virtude de contrato administrativo.
 - No caso das instalacións de alumeados, remitirase copia do boletín e do contrato de subministro formalizado para garantir o pago dos consumos propios.
- ACTUALIZACIÓN DA INFORMACIÓN: o Anexo III deberán ser actualizados cada vez que unha modificación o requira. Será o Concello o que teña a obriga de remitir dita actualización xunto coa solicitude de modificación que quedará incorporada ao presente convenio.
- MANTEMENTO E GARANTÍA DE SERVICIO: O Concello asume o mantemento ordinario e extraordinario da totalidade da rede da súa titularidade así como da parte que discorra por zona portuaria e xestionará as avarias que se poidan producir nela, obrigándose á reparalas nos prazos establecidos nas súas ordenanzas. Calquera actuación deberá ser comunicada previamente á xefatura de zona de Portos de Galicia para a súa autorización. Débese acordar pola





comisión de seguimento do convenio, que dará traslado para a súa aprobación polos órganos competentes. As ditas actuacións, en todo caso, implicarán a actualización do inventario do anexo I. De ser preciso unha intervención de urxencia a dita comunicación extemporánea deberá acreditarse de xeito suficiente.

- **PERMISOS:** O Concello é responsable de tódolos permisos relacionados coa prestación do servizo obxecto de convenio, en particular de tódalas tramitacións relacionadas con puntos de vertido, control de calidade das augas ou legalización sectorial das redes e instalación ante os órganos competentes. Así como as autorizacións sectoriais en materia de medio ambiente e patrimonio cultural, no seu caso.
- **TRAMITACIÓN DE ENGANCHE Á REDE**
 - O Concello (ou no seu caso a empresa xestora do Servizo) no marco das súas competencias será o responsable da tramitación das autorizacións de enganche ás redes que reciban dos particulares, sen prexuízo da execución da actuación que se detalla no punto 7.
 - As solicitudes que poida recibir Portos de Galicia que non proveñan do mesmo Concello ou de persoa xurídica subrogada na súa posición non serán admitidas e serán devoltas ao usuario non portuario.
 - Se a necesidade de enganche ou acometida provira dun usuario portuario, Portos de Galicia poderá decidir de xeito alternativo remitila ao Concello para a súa tramitación ou autorizar o dito enganche, incorporándoo ao correspondente título administrativo de titularidade do solicitante, de por si coa soa comunicación ao Concello de dita actuación, sendo neste caso Portos de Galicia o responsable da actualización do inventario e dos planos.
- **EXECUCIÓN DE ACOMETIDAS:**
 - O Concello ou a persoa xurídica que actúe pola súa conta en virtude de contrato administrativo será o responsable da execución das obras autorizadas por Portos de Galicia. Para a execución das acometidas solicitadas por particulares debora achegar o formulario descritivo da actuación, que poderá aglutinar varias acometidas a realizar sobre a mesma rede.
 - As canalizacións executaranse de acordo ás directrices indicadas por Portos de Galicia e se reporán cos pavimentos anteriores no seu defecto ou segundo o indicado en cada autorización particular de obra, en función da tipoloxía do pavimento/s existente/s.
 - Se a execución da actuación se fai por empresa privada en virtude de contrato administrativo depositará esta aval polo importe da actuación. Admitirase a formalización dun único aval, con importe suficiente, que





avale todas aquelas actuación executadas o amparo do presente convenio, que non será inferior o 5% do importe da suma das actuacións que se poidan executar de xeito concorrente. A estes efectos o importe das obras será o orzamento de contrata co IVE incluído.

- En ningún caso poderá ser executada a acometida por un particular.
 - **CIRCUNSTANCIAS EXTRAORDINARIAS:** Se por circunstancias extraordinarias Portos de Galicia considerase necesarias actuacións sobre as redes de servicios ou os propios servicios, reclamará ao Concello a adopción de medidas urxentes. Se estas non foran tomadas en prazo razoable, en todo caso superior a 10 días, poderá Portos de Galicia executalas por si mesmo e reclamar ao Concello os gastos incorridos.
 - **REDE DE SANEAMENTO:**
 - **S1. PARÁMETROS DE ENTRADA:** O Concello garantirá que os caudais incorporados á rede de saneamento cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e vertidos.
 - **S2. PARÁMETROS DE VERQUIDO E PUNTO DE VERQUIDO:** O Concello garantirá que os caudais verquido ás augas cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e verquidos. Os puntos de verquido estarán localizados e debidamente legalizados ante o organismo de conca competente.
 - **S3. ATENCIÓN A VERQUIDOS:** O Concello responderá cos seus medios e á maior brevidade ante calquera verquido que se produza con orixe a súa rede.
 - **REDE DE ABASTECIMENTO:**
 - **A1. CAUDÁIS E CONDICIÓN SANITARIAS:** O Concello garantirá que os caudais subministrados cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e sanitaria. En particular vixiará as condicións sanitarias dos puntos de captación empregados.
 - **A2. REPARACIÓN DE FUGAS:** O Concello responderá cos seus medios e á maior brevidade ante calquera fuga que poida comprometer o subministro dos usuarios ou a operativa portuaria.
- Asumir a explotación, mantemento e conservación da totalidade das obras realizadas e as responsabilidades fronte a terceiros sobre as mesmas.
- Asumir a realización das obras necesarias de mellora e custo das mesmas, para garantir a axeitada conservación, mantemento, limpeza e hixiene, incluíndo a reposición dos elementos engadidos, danados, extraviados ou roubados, cumprindo o establecido na lexislación vixente nesta materia.





Portos de Galicia asume as seguintes obrigas:

- Autoriza ao concello de VIVEIRO a intervención nos terreos de dominio público portuario obxecto do proxecto aportado segundo plano anexo e para os fins dispostos de prestacións de servizos urbanos, habilitando ao Concello para a xestión ordinaria das instalacións en chan portuario sen prexuízo da necesidade de comunicación das tarefas ordinarias e a autorización portuaria para as que impliquen obras ou modificacións así coma as que poidan supoñer interferencias para a operativa portuaria. Portos de Galicia comprométese a dar preferencia ás necesidades de servizo das redes de servizo e dar resposta no prazo inferior a 2 meses das solicitudes presentadas polo Concello, a contar dende que se produza o acordo da comisión de seguimento do convenio.

- Autoriza ao concello de VIVEIRO para o mantemento integral das beirarrúas integradas e as súas redes de servizo na trama urbana, sen que esta autorización implique a perda das facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens e terreos portuarios.

- Se compromete a autorizar ao concello de VIVEIRO á instalación de mobiliario urbano, elementos decorativos, xardinería e contedores estancos de residuos para a posterior xestión dos mesmos polo concello.

Nin as anteriores autorizacións, nin os pactos e as obrigas estipuladas neste convenio supoñen alteración da titularidade o cualificación xurídica dos bens e dereitos portuarios afectados nin da súa xestión e explotación, vinculados aos fins portuarios, manténdose a prevalencia da competencia portuaria.

No caso de que en virtude deste convenio, sexa preciso dispor de terreos de titularidade municipal, para o cumprimento do obxecto deste convenio, estes quedaran afectados obxectivamente as finalidades deste convenio, que acepta a adscrición, quedarán afectados ao servizo municipal e portuario integrados de pleno dereito e en concepto de titular subxectivo dos bens (mutación subxectiva) no patrimonio propio de Portos de Galicia, ao abeiro do previsto nos artigos 71 e concordantes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas e de conformidade coa normativa de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 23 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia.

A adscrición acadará plena eficacia co levantamento da acta de comprobación do replanteo das obras co contratista conforme ao artigo 236 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

Para tal efecto, a dito acto comparecerá un representante do Concello de Viveiro e outro de Portos de Galicia. As obras executadas en DPP quedaran da titularidade de Portos de Galicia, libres de cargas e gravames.

No caso en que proceda este convenio quedará suxeito ao abonamento da taxa por ocupación e aproveitamento de Dominio Publico por parte do Concello.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido. Todas as circunstancias expresadas determinan, a xuízo deste órgano de xestión, que é procedente autorizar, mediante un convenio de colaboración, as actuacións descritas a realizar no ámbito da zona do porto de Celeiro- Viveiro





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O presente convenio non supón achega económica por parte de Portos de Galicia, polo que a sinatura deste convenio, non se atopa nalgún dos supostos de necesidade de autorización previa do Consello da Xunta, isto é que se trate de gastos plurianuais ou obrigas económicas para a Facenda autonómica superiores a 150.000,00 euros, conforme á Disposición adicional segunda. Autorización de convenios da Lei 1/2016 do 15 de febreiro, de transparencia e bo goberno.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O Director

Roi Fernández Añón

